



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DAS MULLERES 2024

Como cada ano, este 8 de marzo conmemoramos o Día Internacional das Mulleres lembrando que continúa sendo necesario traballar na defensa dos dereitos das mulleres para seguir avanzando na igualdade como sociedade. Neste 8 de marzo reivindicamos a loita feminista e denunciemos que a desigualdade entre homes e mulleres é un problema estrutural que debemos combater con todos os recursos e todas as nosas forzas.

Ao longo dos anos, foron moitas as conquistas, impulsadas desde o movemento feminista, que nos levan á construción dunha sociedade máis xusta e igualitaria para todas as persoas, pois o avance dos dereitos das mulleres é o avance do conxunto da poboación. En Galicia e en Santiago de Compostela, sentimos o orgullo de contar cun movemento feminista forte, que liderou nos últimos anos mobilizacións históricas nas nosas rúas: na defensa dos dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres, facéndolle fronte á violencia de xénero, ou centrándose nas condicións de traballo das mulleres, en particular abordando a precarización de profesións feminizadas.

O movemento feminista galego leva décadas reivindicando dereitos e acompañando procesos legislativos coa vista posta en mellorar a situación das mulleres en todo o noso país, demostrando que unha das súas grandes fortalezas é a capacidade de traballar de forma coordinada, en rede, entre os distintos colectivos e asociacións nas que se organizan as mulleres galegas e desde as que constrúen o activismo feminista que move este país.

É fundamental que as administracións desenvolvan o seu traballo a prol da igualdade cunha perspectiva integral e integradora, que dea impulso ás redes de colaboración entre mulleres e o conxunto do movemento feminista. Nesa mesma liña, é importante que exista un maior grao de colaboración entre institucións, para sumar esforzos e garantir que se traballa cunha perspectiva transversal e coordinada entre as administracións que traballamos a prol da igualdade.

Nese sentido, o Concello de Santiago vén de desenvolver, nos últimos meses, iniciativas que precisamente parten da coordinación interinstitucional en materia de igualdade, en particular no referido á loita contra a violencia machistas. Así, o pasado mes de novembro entraba en vigor o Protocolo para a abordaxe das violencias sexuais e LGTBfóbicas no ocio nocturno no noso concello, involucrando representantes municipais, das forzas e corpos de seguridade, da xustiza, do ámbito dos colexios profesionais ou representantes do movemento feminista e dos colectivos LGBT. En xaneiro, reactivamos a Mesa Local de coordinación interinstitucional contra a Violencia de Xénero.

Neste 8 de marzo de 2024 somos conscientes de que fica moitísimo traballo por facer no camiño cara á igualdade, mais que imos na boa dirección se centramos os nosos esforzos en construír feminismo e políticas de igualdade desde a base, centrándonos na educación, na identificación das desigualdades e discriminacións para poder actuar na súa prevención, na colaboración entre as administracións públicas e o movemento feminista para chegar a todos os lugares e a todas as persoas e transformar a realidade en que vivimos construíndo un concello e unha sociedade, feministas e igualitarias.

Por todo o exposto, a Corporación municipal do Concello de Santiago manifesta o seu compromiso coa igualdade e coa erradicación de todas as formas de discriminación cara ás mulleres e, por iso, acorda:

1. Apoiar as mobilizacións convocadas polo movemento feminista neste 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres.
2. Poñer a infraestrutura municipal a disposición das organizacións de mulleres para favorecer a súa autoorganización e traballo, facilitando espazos de encontro e recursos.

3. Fortalecer os servizos municipais de igualdade, nomeadamente a Casa Xohana Torres, como un equipamento municipal fundamental para a relación directa entre a administración e o movemento feminista, así como para traballar na prevención de calquera forma de violencia contra as mulleres e de discriminación.

4. Establecer o compromiso de dedicarmos un mínimo do 1% do orzamento municipal en políticas de igualdade e da prevención da violencia de xénero.

5. Dotar o CIM do persoal suficiente para garantir que a atención ás mulleres en xeral e, especialmente, ás vítimas de violencia de xénero, conta cos recursos humanos necesarios.

6. Elaborar neste ano 2024 o Plan de Igualdade.

Santiago de Compostela, 26 de febreiro de 2024

Miriam Louzao Fernández

Portavoz do grupo municipal de BNG

María Rozas Pérez

Portavoz do grupo municipal de CA

Gonzalo Muíños Sánchez

Portavoz do grupo municipal do PSde-G-PSOE

Borja Vereza Fraiz

Portavoz do grupo municipal do PP